

COMPUTADORES GALEGÓFONOS. Software libre, unha oportunidade de ouro para que os computadores falen galego

Ramón Flores d'as Seixas

6 de febreiro de 2002

Nota Este documento foi escrito inicialmente como unha páxina web, contendo un grande número de hiperligazóns, que non se inclúen nesta versión. A versión orixinal pode-se atopar en:

<http://members.tripod.com.br/ramonflores/PARADISO/Computadores-galegofonos.html>

Limiar

Hai anos que os computadores entraron nas nosas vidas, e non semella que vaian abandonar-nos nun futuro próximo, senón ás veces facer-se cadora máis omnipresentes, seguindo o mesmo carreiro que moitos outros aparellos modernos. Agora ben, a diferenza doutros trebellos, estes poden "falar" connosco, mais seica non entenden a nosa lingua; primeiro falaban inglés, logo pasaron-se ao castelán mais o galego costa-lles. Non parece que este feito preocupe excesivamente nen as nosas autoridades lingüísticas, nen as organizacións que defenden o galego. E penso eu, se cadra por que paso varias horas ao día diante dun deses aparellos, que cumpre prestarmos-lle a atención que merece. A incapacidade de comunicar-nos en galego cos computadores atenta contra os nosos dereitos lingüísticos, ao nos obrigar a empregar de seguido unha lingua que non é a nosa, sendo ademais unha nova arma para o arsenal dos que atacan o galego pola súa suposta "falta de utilidade".

Nun mundo dominado polo software propietario¹, onde os copyrights impiden que os usuarios poidamos adaptar o software ás nosas necesidades, e onde a falta de competencia da lugar a que os pequenos mercados sexan ignorados, o futuro do software en galego é certamente precario. Afortunadamente para nós, e para moitos millóns doutras persoas pois a nosa situación non é nen moito menos única no mundo, as cousas están a cambiar. O software libre² está a revolucionar o mundo da informática, traendo non xa unha refoxada de ar fresco, senón un auténtico furacán liberador.

O software libre, tamén coñecido como software de fonte aberta, permite entre outras cousas traducir os programas, e representa hoxe en día unha alternativa viábel ao software propietario, con independencia da lingua, mais no caso galego representa, na miña opinión, a mellor alternativa. As nosas autoridades poderían aproveitar esta ocasión para, fornecendo software en galego á cidadanía, demostrar o seu interese pola nosa cultura. Mais o mellor de todo é que neste caso as autoridades non son imprescindibles, aínda que lóxicamente poden facilitar moito a tarefa.

Existen varios sistemas operativos libres, catro deles son tipo unix: GNU/Linux, FreeBSD, OpenBSD, NetBSD e outro é un clone do MSDOS FreeDOS³. Dos cinco o GNU/Linux é o máis popular e o que conta con un maior número de aplicacións. Como ademais é o que máis coñezo, por ser o que uso, no resto do artigo referirei-me principalmente a el. De todos os xeitos comparte moitas características cos xxxBSDs, sendo bastante compatíbeis entre si, e sendo relativamente doado que unha aplicación nativa dun calquer deses sistemas poida ser executada nos outros sistemas, moitas veces os propios binarios son compatíbeis, outras veces cumpre recompilar as fontes. En todo caso a tradución feita para un programa dun dos catro sistemas tipo unix, é válida para os outros tres sistemas tipo unix restantes.

¹O software propietario é aquel que non é nen libre nen semi-libre. O seu uso, modificación ou redistribución está prohibida, ou require solicitar permiso, ou esta restrinxido de tal xeito que é practicamente imposible face-lo libremente.

²O software libre é-o se ven con permiso para que calquer persoa o use, o copie e o distribua, con ou sen modificación, ben gratuitamente ben cobrando. Isto significa que o código fonte debe ser accesíbel ; "Se non hai fonte , non hai software."

³Existe outro proxecto de sistema operativo libre, Freedows, mais aínda está en elaboración.

A tradución de software libre é normalmente unha tarefa tecnicamente sinxela, e de feito xa existen varios programas traducidos ao galego. Caso de que o lector/a teña interese en comunicar-se en galego co seu computador, pode facer-se unha idea na páxina Monte Nebo⁴, onde se mostran algunhas imaxes capturadas do meu.

Un pouco de historia

En 1983 Richard Stallman farto de ver como o software propietario trunfava impondo un espírito anti-cooperativo, escribe un manifesto no cal, ademais de denunciar a situación imperante, anuncia que vai escribir un sistema operativo libre: o GNU. Naquel tempo o dito manifesto podía tomar-se como unha ar-routada, mais as veces a utopia fai-se realidade. E así un pequeno grupo de programadores foi elaborando con esforzo, paciencia e ilusión, as pezas fundamentais do soño Stallmaniano: un compilador de C, gcc, un editor de texto que é moito máis que un editor de texto, o Emacs, un linker, ld, un depurador, gdb, e un longuíssimo etc.

En 1991 Linus Torvalds decide fabricar-se un núcleo similar ao de Unix, ao que vai chamar Linux, co obxecto de pode-lo executar no seu computador, un PC compatíbel. O proxecto GNU pola súa banda xa estaba a traballar nun núcleo do seu sistema, o Hurd, mais Linus vai desenvolver moito máis rápido o seu núcleo, aproveitando un meio en expansión: a Internet, por onde lle chegaría axuda tanto de programadores como de provadores do produto. Por outra banda o Linux encaixa perfectamente co software da GNU, de feito foi desenvolvido usando o compilador gcc. Xuntando o Linux coas ferramentas GNU e algun outro software, máis ou menos libre, como o sistema de xanelas XFree86, xurde un sistema operativo libre, o GNU/Linux.

Segundo a Fundación polo Software Libre, fundación que está detrás do proxecto GNU, o software libre é-o en canto nos permite:

- estudar como funciona un programa e adapta-lo as nosas necesidades,
- redistribuir cópias, e comparti-lo cos nosos compañeiros, e
- mellorar o programa, e fornecer as súas melloras ao resto da comunidade.

Evidentemente un programa para ser libre ten que ofrecer-se en código fonte, aínda que se poida distribuir tamén en versións compiladas. Software libre non é sinónimo de software gratuito, existen bastantes empresas que venden software libre. Mais unha vez que un usuario o compra pode copia-lo, revende-lo, regala-lo, instala-lo no número de computadores que queira ... , todo menos loxicamente reclamar dereitos de autor sobre o dito software ou modificacións del. Isto da lugar a que o prezo non sexa en xeral moi elevado.

Software en galego, ulo?

Descoñezo o tanto por cento da poboación galega que emprega con unha certa frecuencia algun computador, mais estou seguro que xa non é desprezable, e que ademais está a medrar. Agora ben, cando un galegofalante ten que comunicar-se con un computador na maioría dos casos non o pode facer na súa lingua. Teñen algunha difi cultade conxenita os computadores para se expresaren en galego?, por suposto que non, os computadores poden comunicar-se cos seus usuarios en calquer lingua, sempre que exista o software axeitado. Mais ao non ser o mercado galego avondo atractivo, as grandes empresas de software non teñen interese en editar versións galegas dos seus produtos. Non é isto algo que afecte exclusivamente ao galego, milleiros de linguas en todo o planeta están nas mesmas condicións. Mesmo linguas con moitos millóns de falantes, e/ou que teñen o respaldo dun estado. Se existe versión de MSWindows en catalán e en basco é porque están fortemente subsidiadas, mais non sempre avonda con pagar a tradución⁵. É mais, ao estar o software propietario protexido por copyrights, ninguén alleo a empresa pode traduci-lo.

⁴http://members.xoom.com/RamonFlores/PARADISO/Monte_Nebo.html

⁵O islandés é un exemplo claro de que conseguir versión nunha determinada lingua non é sempre cousa fácil. Islandia é un estado que protexe especialmente a súa lingua, e o seu goberno estaría disposto a pagar a Microsoft pola tradución do sistema operativo MSWindows, mais en Redmond o asunto non lles interesa e portanto non hai versión islandesa do MSWindows.

Este problema non existe co software libre; o usuario ten garantido o dereito de, entre outras cousas, traduí-lo. De feito a maioría dos programas libres facilitan o proceso de tradución. Así o software da GNU ten un procedemento estandar de tradución, fornecendo software para facilitar a tarefa. Sendo esta unha das razóns pola que o software libre se está a expandir dun xeito tan acelerado. Cando escribo este párrafo (12/12/99) as ferramentas da GNU están sendo traducidas por 27 grupos distintos, o proxecto GNOME por 30 e o KDE por 40.

Aproveitando estas facilidades algúns usuarios galegos temos traducido xa algúns programas máis ou menos libres. Estas traducións, ademais de facer-nos a comunicación cos nosos computadores máis agradábel, constitúen unha prova palpábel de que termos software en galego é factíbel. Porén, se ben é certo que hai algun traballo feito, aínda fíca moito por facer para poder termos unha distribución⁶ que permita galeguizar totalmente un computador.

O papel das institucións

As institucións públicas galegas (Xunta, deputacións, concellos, universidades ...) son grandes consumidoras de software. Software que nestes momentos está maioritariamente en castelán, aínda que a lingua que empreguen as ditas institucións sexa o galego. Usando software comercial esta situación ten difícil solución, difícil e cara. E usando software libre?. Como dixen anteriormente o software libre non necesita permisos para ser traducido, e usualmente facilita-se a tarefa. Ademais ao dispormos das fontes podemos adaptalo doadamente as nosas necesidades, non só en materia lingüística.

Das institucións antes citadas a Xunta de Galicia é posibelmente a maior consumidora de software, sobre todo tendo en conta que dela dependen dereitamente os centros públicos de ensino básico e medio. Semella portanto que debería ser ela a que tivese un maior interese no tema, e a primeira vista é a institución con maior capacidade para levar a cabo o traballo, ben con persoal propio, ben mediante un convenio ou encargando-llo a unha ou varias empresas, galegas por suposto. O software traducido non só serviría para uso interno, senon que tamén sería utilizábel por outras institucións e polos cidadáns galegos en xeral.

Tamén as deputacións e os concellos usan software, e tamén eles poden usar software libre e adaptalo ás súas necesidades. Non sería portanto desbotábel que un concello, ou grupo de concellos, con algunha deputación polo meio se cadra, tomara a iniciativa de anosar software libre para as súas necesidades, revertendo lóxicamente o seu traballo nos cidadáns.

As universidades pola súa banda contan con unha importante vantaxe: abundante material humano cualificado. Non só os seus traballadores, profesores e técnicos, máis tamén os seus alumnos. Unha universidade que saiba aproveitar eses medios pode levar a cabo un moi bo traballo con un custe moi baixo. Cumpre salientar que de feito o software libre está xa presente nas universidades galegas, mesmo encargado de tarefas de grande importancia, aínda que a nivel de usuarios por agora é minoritario. Non é de extrañar a penetración do software libre nas universidades galegas, xa que os vencellos entre o mundo universitário e o software libre son fortes desde os seus inicios. Porén polo momento as universidades galegas non apoian institucionalmente o software libre como si ocorre con outras universidades.

Na Galiza non só existen institucións públicas, calquer institución privada interesada minimamente pola nosa cultura pode axudar á existencia de software en galego, ben apoiando iniciativas existentes, ben liderando ela mesma unha iniciativa, de maior o menor alcance. Así institucións como a Fundación Caixa Galicia, a obra social da nova Caixa do Sul⁷, ou a Fundación Pedro Barrie de la Maza teñen capacidade avonda para criar unha distribución propia, máis tampouco sería de desprezar que traduciran e mantiveran unha suite de oficina ou un entorno de xanelas, por sinalar un par de exemplos.

⁶No mundo GNU/Linux unha distribución consta do sistema operativo máis un conxunto máis ou menos grande de aplicacións. Estas distribucións están elaboradas para facilitar-lle a vida ao usuario, reunindo (e compatibilizando se for mester) o software necesario para poder realizar unha determinada tarefa. Máis o software das distintas distribucións é compatíbel, sobre todo a nivel de aplicacións. E non resulta difícil usar un paquete dunha determinada distribución nun computador onde hai instalada outra distribución. Cousa que por outra parte na maioría dos casos non é necesario, xa que é bastante común que as distintas distribucións teñan moitas aplicacións en común.

⁷Cando isto escribo as tres caixas do sul da Galiza teñen 3 sites independentes, os tres en castelán unicamente, o cal non anima moito. Os seus enderezos son: Caixa de Pontevedra, Caixa Ourense e CaixaVigo. Ollo co site de CaixaVigo, que emprega java masivamente, polo cal é dos máis pesados que teño visitado.

O papel das empresas

Actualmente o mundo do software está dominado por grandes empresas americanas⁸. Nesta situación o nicho ecolóxico dunha empresa de software galega é por forza mui reducido. O movemento do software libre pode traer novas oportunidades para as empresas galegas, en xeral para as empresas de todo o mundo.

Unha aposta, a primeira vista, forte para unha empresa galega sería artellar ela mesma unha distribución propia. Dependendo do produto o traballo sería maior ou menor. Unha distribución en castelán é relativamente doada, mais xa existen outras, algunha delas como a SuSE de renome mundial. Unha distribución en galego⁹, aínda que fose parcial, outorgaría-lle á empresa que a levara a cabo unha imaxe de marca diferenciada. Non sería desbotábel tampouco distribucións en varias linguas, como é a Suse, centrando-se nas linguas da Península Ibérica. Cumpre salientar que no mundo do software libre os ingresos dunha empresa que mantén unha distribución veñen, por unha banda das vendas da dita distribución, mais por outra da venda de servizos; i.e. de soporte técnico. Quen mellor que a empresa que artella a distribución para resolver os problemas que poidan aparecer?, ou para implementar as modificacións que desexamos para realizar unha determinada tarefa?

Aínda que nengunha empresa galega asuma o risco de crear unha distribución propia, existen outras vías para que contribúan a termos software en galego. Se algunha das institucións antes citadas decide facer-me caso e anosar software libre, unha opción evidente é encargar-lle o traballo a unha empresa de software, que lóxicamente debería ser galega. Outro xeito no que as empresas galegas poden facer negocio co software libre é prestando asistencia técnica. Co software propietario o lóxico é pedir asistencia técnica a empresa que criou o software, xa que só eles coñecen os seus miolos, mais falando de software libre, onde as fontes son coñecidas, a accesibilidade e proximidade son factores de tanta ou maior importancia.

O papel dos usuarios

No mundo do software libre as lindes entre usuarios e "criadores" son difusos, e as oportunidades de participar moitas. Algunhas persoas adican-se a programar elaborando un ou máis programas, mais lóxicamente son usuarios de moitos outros. Por outra banda se un usuario quer modificar un programa, e sabe como, non só pode face-lo, senón que é alentado a o facer. Mais alén da programación existen outras tarefas importantes como escribir documentación sobre os programas ou traducir os programas e máis a súa documentación. Outra tarefa indispensable é probar os programas, atopar-lle os erros, e informar documentadamente deses erros. Para contribuir ao traballo colectivo, non se precisa portanto ter uns grandes coñecementos de informática, senón vontade de colaborar.

O movemento mundial do software libre criou-se e medrou baseando-se en usuarios individuais ou agrupados en proxectos dispostos a compartir o seu traballo co fin de obter un sistema aberto. As empresas chegaron máis tarde, aínda que o seu desembarco semella ser definitivo. Non é pois de extrañar que os primeiros pasos para a tradución de software libre ao galego fora dado por usuarios.

Hoxe en día existen dous grupos de usuarios organizados co fin de traducir ao galego o GNU/Linux. O GPUL-tradución¹⁰, que ten por obxectivo traducir programas¹¹, e o GzLiNuX, que se adica a traducir documentos variados (HOWTOs, FAQs, guías, documentación de aplicacións ...). Relacionado intimamente con este tema, aínda que sen adicar-se directamente a traducir xurde o proxecto LEGAL (Linux En GALego), que pretende ser un punto de encontro das persoas interesadas en termos linux en galego, incluíndo lóxicamente aos dous grupos antes citados, e a outros usuarios que traballan independentemente no tema. Trata-se de acadar unha certa coordinación no traballo a realizar, así como de conseguir unha maior repercusión, e atraer a novos usuarios interesados nos labores de tradución.

⁸En particular por Microsoft, acusada polo departamento de Xustiza americano de ser un monopolio de facto.

⁹As distribucións GNU/Linux son multilíngues en xeral, xa que boa parte das aplicacións están traducidas a diversas linguas, e trocar a lingua de traballo é mui doado. É máis, os distintos usuarios dunha mesma máquina poden definir a súa lingua de traballo independentemente uns dos outros. Unha distribución en galego significa pois que os usuarios teñen a posibilidade de escoller o galego como lingua de traballo, e que a instalación e os manuais estarían en galego.

¹⁰O GPUL-tradución é un subgrupo do Grupo de Programadores e Usuarios de Linux, grupo universitario da Escola de Informática da Coruña.

¹¹Teñen especial quenenza polo software da GNU, e asociados como o proxecto GNOME.

Ainda que non está tan directamente relacionado co software libre non podo deixar de falar do proxecto Galego21. Este proxecto consta de varios subproxectos, todos eles pulando a prol do galego, dos cais para este artigo son especialmente relevantes dous. O proxecto Rianxo pretende elaborar un tradutor automático galego <—> outras linguas. Está escrito na linguaxe de programación java e en galego, sendo software libre, non se pode pedir máis. Só me resta desexar-lles sorte na difi cil tarefa que se marcaron. Pola sua banda o proxecto Xis adica-se a traducir software para MSWindows9X/NT ao galego.

O bon que ten traducir software de MSWindows é que hoxe en dia este é o sistema operativo dominante nos PCs, e portanto o seu traballo pode chegar rapidamente a muita xente. Mais tamén presenta desvantaxes importantes. A inmensa maioría do software para esta plataforma é software propietario¹², mesmo o freeware¹³ e o shareware¹⁴ están protexidos por copyrights, e portanto antes de pór-se a traducir un programa cumpre ter a autorización do dono dos dereitos de autor. É relativamente doado obter tal autorización no caso de freeware e shareware, mais estes programas xogan un papel marxinal no mundo do MSWindows¹⁵. Obter a autorización para un programa comercial de éxito é outra cousa. Ainda que se conseguira, cousa ben difi cil, como se comercializa o produto?, vai estar interesada a empresa en sacar un produto especial para un mercado tan reducido como o galego, que ademais pode cubrir sen muitos problemas en castelán?. É portanto impensábel que mediante o esforzo dos usuários poidamos conseguir dun xeito legal¹⁶ que o noso computador, usando MSWindows, fale galego senon sempre na maioría das ocasións. Outro problema de importancia provén das difi cultades técnicas que presenta a tradución de software de MSWindows. Neste caso non hai un procedemento estandar, como no caso do GNU/Linux, cada programa é diferente, e non sempre fácil de traducir¹⁷. Ademais está o tema da distribución das traducións. En GNU/Linux un programa vai preparado para empregar diversas linguas, segundo os gostos do usuáριο, e para fazer que fale outra nova língua usualmente chega con engadir-lle un arquivo duns cantos kbytes (ducias ou como muito uns poucos centos). No mundo MSWindows porén, xunto o modelo anterior seguido principalmente polos produtos shareware e freeware, resulta usual que para cada língua haxa un programa distinto, que ocupa comprimido varios MBytes, o cal difi culta enormemente a sua distribución.

Pontos fracos

O GNU/Linux é un sistema operativo con ben gañada fama de robusto, estábel, fi ábel, flexíbel e seguro. Teñen-se feito bastantes comparativas co MSWindows NT, e na maioría delas sae gañando, en todo caso non é dun nivel inferior. As debilidades que se lle apoñen son principalmente duas: difi cultade de administración e falta de aplicacións. Para afondar neses dous puntos cumpre diferenciarmos duas situacións: 1) que falemos dunha organización dunha certa entidade ou 2) que falemos de usuários individuais ou organizacións pequenas.

Organización média/grande

Neste caso o parque informático debe estar administrado por técnicos informáticos para os cais a maior flexibilidade do sistema GNU/Linux, coa maior complexidade que isto conleva, non signifi ca normalmente

¹²Existe algún software libre especificamente escrito para MSWindows 9X, de feito eu traducin un pequeno programa, mais é practicamente anecdótico. Tamén existe software libre que entre outras plataformas corre en MSWindows9X/NT, neste caso a tradución é válida para todas as plataformas.

¹³O termo “freeware” non ten unha definición claramente aceptada, sendo usada comumente para os pacotes que permiten redistribución mais non modificación (e que o seu código fonte non é accesíbel).

¹⁴A licenza shareware permite probar o programa, un número determinado de veces ou de dias, e redistribuir copias, mais se alguén quer continuar a usar a cópia debe pagar polo software.

¹⁵Un non pode pensar en realizar a maior parte do traballo nun computador usando freeware e shareware.

¹⁶É tecnicamente posíbel traducir calquer programa de MSWindows, sistema operativo incluído, mais na maioría dos casos é ilegal, mesmo para uso próprio, non falemos xa da distribución.

¹⁷Como integrante da equipa que traduciu o Communicator (O Xis) podo asegurar que non foi tarefa fácil. E a actualización da versión 4.03 á versión 4.08, a pesar de só incluír uns poucos centos de mensaxes novas, foi realmente traballosa, cumprindo-me realizar parte das tarefas en UNIX. A tradución de programas que seguen as especificacións da GNU é unha tarefa muito máis doada, para a cal precisa-se basicamente un editor de textos, e a actualización é mui sinxela. É máis se o tradutor encarregado dunha língua non fornece a tradución actualizada para unha nova versión dun programa, o programa vai sair igual, con un soporte parcial da dita língua. Neste caso non aparecerán traducidas as novas mensaxes, mais si as que estaban traducidas na versión anterior.

un grande problema, senón moitas veces é considerado unha virtude. Isto unido as facilidades que ofrece este sistema de administración remota, e as vantaxes antes citadas fan que moitos técnicos informáticos de todo o mundo se decanten a favor do GNU/Linux, o que da lugar a unha importante presenza no mundo corporativo. Evidentemente os computadores van ser utilizados por moitas outras persoas ademais dos técnicos, mais como usuarios. E a nivel de usuario a difi cultade de uso dun sistema GNU/Linux é similar ao doutros sistemas operativos como MSWindows, MacOS ou Solaris.

A falta de aplicacións foi un problema, mais hoxe en día é-o moito menos. Desde hai tempo o GNU/Linux mantén unha importante cota de mercado nos servidores de rede: servidores web, cortalumes, servidores de arquivos, xestores de impresión, servidores de bancos de datos, etc. Loxicamente para esas tarefas hai software avondo e de cualidade. Un tipo importante de programas dos que habia unha certa caréncia son as aplicacións de oficina. Afortunadamente estas caréncias están a ser subsanadas rapidamente¹⁸. Se o lector quer ver cos seus propios ollos a abundancia de software para GNU/Linux o mellor e que visite algun site especializado en listar, comentar e facilitar a descarga, do dito software. Existen moitos deses sites, sendo na miña opinión moi aconsellábeis os dous seguintes: Tucows Linux e Freshmeat.

Outra estratexia que ven usando a comunidade GNU/Linux para paliar a caréncia de aplicacións, cadora menor mais hai uns anos importante, é a elaboración e uso de emuladores. Así o Dosemu permite executar a maioría das aplicacións para MSDOS e o Wine, apesar da opacidade de Microsoft, permite executar unha grande cantidade de aplicacións para MSWindows3.X e MSWindows9X/NT¹⁹.

Se algun organismo precisa un programa determinado que non existe, ou algunha modificación dalgun programa existente, pode contribuir á comunidade mundial de software libre pagando para que se desenvolva.

Por último, unha vantaxe que presenta o GNU/Linux nas organizacións grandes é a súa compatibilidade co Unix. Isto facilita a conexión de estacións de traballo (baixo GNU/Linux) e grandes servidores correndo algun Unix propietario.

Usuarios individuais e organizacións pequenas

No caso de non contar con un técnico informático como administrador, o problema da difi cultade do GNU/Linux é maior. Afortunadamente cadora se elaboran distribucións máis automatizadas²⁰, que facilitan enormemente tanto a instalación como a administración do sistema. O maior problema é que a maior parte da documentación está en inglés. Problema que se resolvería loxicamente con unha distribución en galego.

Canto ao software de oficina aplica-se o dito anteriormente. Mais falando de software de lecer a situación é algo peor. Estan-se a portar moitos xogos para GNU/Linux, mais aínda así non hai tantos como en MSWindows, e no apartado multimedia o abano de software dispoñíbel en GNU/Linux é moito máis pobre que en MSWindows9X. Mais a situación pode cambiar rapidamente, xa que o GNU/Linux ten cadora maior aceptación, e o proxecto Wine maior cualidade.

Futuro do GNU/Linux

Unha pregunta obvia antes de se embarcar nunha empresa é cais son as súas expectativas de futuro. Sobre todo cando, como neste caso, un non conta con ser un factor determinante no desenvolvemento do proxecto xeral, senon aproveitar os frutos dese desenvolvemento, contribuíndo en todo caso nunha pequena parte.

¹⁸Como exemplo de como esas caréncias están a ser solucionadas poden-se salientar dúas completas suites de oficina que están a libre disposición dos usuarios desde hai pouco, a KOffice da KDE e a Staroffice da Sun. Neste momentos o KOffice aínda é unha versión beta, mais a velocidade coa que traballan na KDE unha versión estábel non vai tardar moito. A Staroffice é unha suite de oficina bastante compatíbel en canto a formatos coa omnipresente Microsoft Office. Foi criada por unha empresa alemá a Stardivision, que foi logo absorvida pola empresa Sun. Esta empresa distribue a Staroffice como freeware, e prometeu liberar o código fonte. Aínda que a licenza sob a cal a vai liberar non gusta a todos na comunidade de software libre, en todo caso permitiría a tradución. Cumpre salientar que hai versións de Staroffice para varios sistemas operativos: GNU/Linux, Solaris, OS/2 e MSWindows9X/NT.

¹⁹Un feito interesante é que Wine está a ser empregado polas empresas de software para portar os seus produtos a GNU/Linux, xa que facilita moito a tarefa.

²⁰Un bon exemplo de distribución doada de instalar e de administrar é a Corel. Mais outras como a Openlinux, a Suse, a RedHat ou a Mandrake non son moito máis complicadas

A maior garantía de futuro do GNU/Linux é a súa liberdade, o feito de que o código fonte sexa público. Como di o memorandun Halloween I²¹ :

- "O software libre ten credibilidade a longo prazo",
- "A credibilidade a longo prazo existe se non hai xeito de botar-te do negocio a curto prazo",
- "Considera-se que os sistemas de fonte aberta teñen credibilidade debido a que o código fonte pode obter-se potencialmente en millóns de sitios e de millóns de individuos".

Portanto aínda que o desenvolvedor dun programa deixe de traballar nel, calquer outra persoa ou grupo pode retomar o traballo.

Outro factor importante a considerar é a súa cota actual de mercado, e a súa taxa de medre. Tendo isto en conta o seu futuro é simplemente brillante. Así por exemplo segundo un estudo do IDG, mentres no ano 1997 o seu uso no ámbito empresarial era residual, en agosto de 1999 era empregado no 13% das empresas de USA e Canada. Outros sinais que apoian o dito son: o número cadora maior de empresas tanto de software como de hardware que están a ofertar produtos para GNU/Linux²², o prezo elevado das accións das empresas líderes neste entorno, a atención masiva recibida na última COMDEX, ou o interese mostrado pola Comisión Europea.

Por último cumpre repetir que o galego non é nen muito menos a única lingua discriminada pola industria de software. Milleiros de outros pobos están na mesma situación, e portanto o software libre representa tamén para eles unha solución. Solución que de feito xa están a aproveitar algúns, así se non hai MSWindows en islandés, si que hai KDE, e se tampouco hai MSWindows en indi, xa hai proxectos para que haxa GNU/Linux. Hai portanto moita xente interesada en que o movemento GNU/Linux non se pare, aínda que so sexa contando cos moitísimos usuarios que non constituimos mercados atractivos. Sería difícil, aínda que non imposible, que un pequeno país como Galiza poida manter el só o desenvolvemento dun sistema operativo e multitude de aplicacións. Mais se xuntamos moitos outros pequenos, e non tan pequenos, países a tarefa resulta mesmo doada. Isto na pouco provábel hipótese de que os programadores e usuarios dos grandes países, USA, Alemaña, Xapón, etc, perderan o interese polo software libre.

A modo de conclusións

1. O GNU/Linux é un sistema con moitas cualidades de por si como para ser preferido por calquer organización.
2. Ademais das súas outras vantaxes ofrece para os galegos a posibilidade de traducirmos un bo sistema operativo, e unha grande cantidade de aplicacións.
3. Esta posibilidade é moito máis difícil e custosa co software propietario. Ademais que nese caso ficamos nas mans da(s) empresa(s) posuidoras do copyright, que en calquer momento poden decidir deixar de traducir.
4. A adopción de software libre polas institucións públicas galegas favorecería a industria de software galega, do mesmo xeito que a creación da TVG deu lugar a unha industria audiovisual, pequena pero existente.
5. A utilización por parte das institucións públicas de software libre conlevaría ao emprego, na súa relación cos cidadáns, de formatos estándares e non de formatos propietarios como adoitan facer²³.

²¹ Documento interno da Microsoft que saíu, sen eles querer, a luz pública. Este e outros documentos relacionados poden-se atopar na páxina web: <http://www.opensource.org/halloween/>

²² Empresas de hardware como IBM, Dell, Motorola, Compaq, Hewlett-Packard, Intel, Fujitsu, Bull, Siemens, VA Linux System, Gateway, etc. Empresas de Software como Oracle, Corel, IBM, Borland, Netscape, Lotus, Novell, MathWorks, AOL, Aplixware, Sun, ILOG, Wolfram, Sybase, Metrowerks, National Instruments, Bartels, PlugSys, TeamWave, CForge, etc

²³ O uso de formatos propietarios (ex. Word97) obriga aos cidadáns a mercar os mesmos programas que usa a administración, cousa pouco ética. Os formatos estándares (RTF, HTML, XML, ...) son abertos e portanto suportados sen problemas por calquer programa, libre ou comercial.

6. O emprego por parte das administracións públicas de software libre tería como efecto secundario beneficioso abandonaren o uso de software ilegal²⁴ . Práctica que non por frecuente deixa de ser condenábel, como calquer violación da legalidade por parte das autoridades encargadas do seu cumprimento.
7. A tarefa de traducirmos unha parte importante do sistema GNU/Linux pode ser levada a cabo por simples usuários. É mais, considero que levando mais ou menos tempo os nosos computadores aprenderá galego grazas ao GNU/Linux. Se debido a unha iniciativa institucional ou empresarial se acelera o proceso, mellor que mellor. En todo caso o software libre ofrece-nos a súa liberdade, cumpre-nos aproveita-la.

Copyright © Ramón Flores

Permite-se a reprodución literal deste artigo sempre que se cite a fonte. (Autor e esta páxina).

²⁴Muitas veces emprega-se o termo "pirata" para referir-se ao software copiado ilegalmente violando o copyright. Porén resulta evidente a desproporción, como consecuencia da cópia dun programa non hai violencia, mortos, mutilacións, violacións... como si adoita haber nos actos de pirataria